

V SEMINARIO de Dinamización Lingüística no Ensino

A emerxente sociedade da información, amparada nos continuos avances tecnolóxicos, coloca o sistema educativo fronte a un gran desafío e, ao mesmo tempo, ante un campo aberto a múltiples e atractivas posibilidades que cómpre aproveitarmos como instrumento para innovación pedagóxica desde e para a lingua galega.

Para rachar coa denominada fenda dixital non abonda con que o profesorado aprenda a usar as ferramentas que lle ofrecen as novas tecnoloxías. É mester tamén reflexionarmos sobre a integración das TIC nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xeito que supoñan unha actualización didáctica que permita xerar coñecemento para un novo tipo de sociedade baseado na información.

Este *V Seminario de Dinamización Lingüística no Ensino* pretende contribuír á formación dos membros e coordinadores/as dos ENDL nos novos coñecementos e competencias dimanantes desta era dixital, que obrigou a actualizar os paradigmas tradicionais de acceso e xestión da información, o xeito de comunicármolos e as metodoloxías de aprendizaxe.

Este novo tempo que se impón arestora nas aulas é unha oportunidade para a didáctica e a promoción da lingua galega se somos quen de involucrar a comunidade educativa na realización de actividades interdisciplinares, modernas, colaborativas e, sobre todo, atraentes para o noso alumnado.

Os equipos de normalización e dinamización lingüística levan anos na vangarda deste tipo de prácticas, de aí que un segundo obxectivo do seminario, como resulta xa costume, sexa o de compartirmos aquelas experiencias normalizadoras e dinamizadoras máis positivas que se están a desenvolver en distintos centros educativos galegos.



V SEMINARIO de Dinamización Lingüística no Ensino

LUGO

20, 21, 22, 27, 28 e 29 de abril 2010

Lugar: **CFR**
R/ Doutor Yáñez Rebolo, n.º 31

Inscrición: <https://www.edu.xunta.es/fprof>
Data límite de inscrición: 12 de abril

Criterio preferente de selección: pertenza ao ENDL.
Esta deberá certificarse mediante mensaxe electrónica do director ou directora a: cfr.lugo@edu.xunta.es



**XUNTA
DE GALICIA**

dinamiza ción Lingüística

V Seminario de Dinamización Lingüística no Ensino



Lugo

Lugar: CFR

20, 21, 22, 27, 28, 29

ABRIL 2010

XUNTA DE GALICIA

20

martes

18:00-19:30 h

A web 2.0 e a dinamización da lingua: Drupal

XOSÉ LUÍS BARREIRO CEBEY
(Asesor de Sistemas Informáticos)

19:30-19:45 h

Pausa

19:45-21:00 h

A web 2.0 e a dinamización da lingua: Drupal

XOSÉ LUÍS BARREIRO CEBEY
(Asesor de Sistemas Informáticos)

21

mércores

18:00-19:30 h

A web 2.0 e a dinamización da lingua: Moodle

PABLO NIMO LEBOREIRO
(Asesor de Sistemas Informáticos)

19:30-19:45 h

Pausa

19:45-21:00 h

A web 2.0 e a dinamización da lingua: Moodle

PABLO NIMO LEBOREIRO
(Asesor de Sistemas Informáticos)



22

xoves

18:00-19:30 h

Dinámicas de grupo e recursos web para a dinamización

IOLANDA GOMIS PARADA
AMADOR LOUREIRO BRANCO
(Tagen Ata)

19:30-19:45 h

Pausa

19:45-21:00 h

Dinámicas de grupo e recursos web para a dinamización

IOLANDA GOMIS PARADA
AMADOR LOUREIRO BRANCO
(Tagen Ata)

27

martes

18:00-19:20 h

Galegos e galegas de aquí e de acolá

Premio á innovación en normalización e dinamización lingüística
INMACULADA RODRÍGUEZ DIAS
(CEIP A Pedra-Bueu)

19:20-19:40 h

Pausa

19:40-21:00 h

Derrubando os muros das aulas: a radio escolar

MATILDE FERNÁNDEZ CALVO
DOLORES CALVO MÉNDEZ
(IES Pedras Rubias-Salceda de Caselas)

28

mércores

18:00-19:20 h

A aldea global: Galicia é máis Galicia cando é todos os mundos

Premio á innovación en normalización e dinamización lingüística
ALMUDENA GARCÍA CASTRILLO
(IES Menéndez Pidal-A Coruña)

19:20-19:40 h

Pausa

19:40-21:00 h

Brinquedos

XOSÉ XABIER LÓPEZ GARCÍA
SECUNDINO GARCÍA MERA
(CEIP Mosteiro de Caaveiro-A Capela)

29

xoves

18:00-19:30 h

Ensinar a ler e a escribir na era dixital

JORDI CICRES
(Universitat de Girona)

19:30-19:45 h

Pausa

19:45-21:00 h

Ensinar a ler e a escribir na era dixital

JORDI CICRES
(Universitat de Girona)